

OBRADOIRO de CIBERACTIVISMO

COMO IDENTIFICAR E COMBATER OS DISCURSOS DE ODIO

Como podemos frear o discurso de odio sen sacrificar a liberdade de expresión?

As palabras constrúen realidades e hoxe, a defensa dos Dereitos Humanos é en gran parte unha loita discursiva que se libra na internet. Intencionadamente, con vontade de manipular as opinións, axentes de comunicación diversos e máis ou menos escuros entretécen anonimato, viralización, bulos e argumentarios de odio para implantar narrativas discriminatorias na sociedade.

A retroalimentación entre odio na rúa-odio na internet/discurso de odio-delitos de odio está de perigosa actualidade, en tendencia ascendente.

Estereotipos infundados, rumores, mentiras e difamacións (xenófobas, racistas, islamófobas, misóxinas, aporófobas...) atopan un perigoso altofalante nas Redes Sociais e outras canles de comunicación online. É un ataque directo á cohesión que cuestiona e erosiona as democracias: **Qué podemos facer, como individuos e como comunidade?** No obradoiro de Ciberactivismo 'Como Identificar e Combater os Discursos de Odio' exploraremos vías de acción desde una perspectiva conceptual e práctica.

- Que é o discurso de odio, tipoloxías e como identificalo
- Responsables e efectos. Choques coa liberdade de expresión
- Como actuar ante o odio: acción individual e colectiva
- Mecanismos específicos contra o ciberodio nas redes sociais
- Narrativas discriminatorias: que son e que efectos teñen
- Como construír e difundir narrativas baseadas nos Dereitos Humanos